

IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE LUGO 2021-2024

1. FUNDAMENTACIÓN

A desigualdade por razón de sexo responde a problemas estruturais que afectan a toda a sociedade; por iso, os esforzos das administracións públicas para a consecución da igualdade real son fundamentais. Neste sentido, o Concello de Lugo mostrou o seu compromiso para dita consecución desde 2005, cando elaborou o seu primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades dirixido á cidadanía. Este, xunto aos dous plans sucesivos, contribuíron, indubidablemente, a mellorar de maneira significativa a igualdade de oportunidades e as condicións de vida de toda a poboación do municipio.

Neste contexto, a elaboración do presente IV Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Lugo reafirma este labor, e dá resposta ao avance da normativa -desde a entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade-, e ás obrigacións e responsabilidades das Administracións Públicas contidas nela.

En primeiro lugar, a Lei Orgánica 3/2007, no seu artigo 14, detalla os criterios de actuación dos poderes públicos en materia de igualdade, que son os seguintes:

- “O compromiso coa efectividade do dereito constitucional de igualdade entre mulleres e homes”.
- “A integración do principio de igualdade de trato e de oportunidades no conxunto das políticas económica, laboral, social, cultural e artística, co fin de evitar a segregación laboral e eliminar as diferenzas retributivas, así como potenciar o crecemento do empresariado feminino en todos os ámbitos que abarque o conxunto de políticas e o valor do traballo das mulleres, incluído o doméstico”.

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

- “A colaboración e cooperación entre as distintas administracións públicas na aplicación do principio de igualdade de trato e oportunidades”.
- “A participación equilibrada de mulleres e homes na toma de decisións”.
- “A adopción das medidas necesarias para a erradicación da violencia de xénero, a violencia familiar e todas as formas de acoso sexual e acoso por razón de sexo”.
- “A consideración das singulares dificultades en que se atopan as mulleres de colectivos de especial vulnerabilidade”.
- “A protección da maternidade, con especial atención á asunción pola sociedade dos efectos derivados do embarazo, o parto e a lactación”.
- “O establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e os homes, así como o fomento da corresponsabilidade nos labores domésticos e na atención á familia”.
- “O fomento de instrumentos de colaboración entre distintas administracións públicas e os axentes sociais, as asociacións de mulleres e outras entidades privadas”.
- “O fomento da efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes nas relacións entre particulares”.
- “A implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e fomento na totalidade das relacións sociais”.

Ademais, o seu artigo 15 que establece que: “O principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As Administracións públicas integraran, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e orzamentos de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades”.

En segundo lugar, o Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro introduce a previsión de políticas activas para facer efectivo o principio de igualdade, recollendo que “as administracións públicas

integrarano, de forma activa, na definición e orzamentos de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades”.

Doutra banda, o VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades establece que: “No horizonte de 2020, a acción da administración autonómica en favor da igualdade de mulleres e homes non quedará circunscrita ao seu ámbito competencial, posto que outra das prioridades de actuación é continuar fomentando as políticas de igualdade no ámbito local. Para iso, reforzarase a colaboración e a coordinación coas administracións locais para pór en marcha medidas eficaces que fagan fronte ás desigualdades entre mulleres e homes nos distintos campos, así como consolidar os apoios en ámbitos como a formación do seu persoal en materia de igualdade”.

Neste sentido, o IV Plan de Igualdade de Oportunidades inclúe tamén diferentes medidas que teñen como obxectivo mellorar os servizos en materia de igualdade en colaboración coa Administración Autonómica.

Ademais, segundo este Plan Estratéxico, “na actualidade están a desenvolverse por parte das administracións -especialmente das locais- novos mecanismos de participación cidadá para profundar na democracia participativa. O papel da sociedade civil nestes mecanismos é activo e decisorio, polo que é preciso fomentar a participación feminina tamén de maneira activa en estruturas de participación nos distintos ámbitos”.

Hai que dicir que a elaboración do IV Plan de Igualdade de Lugo cumpre amplamente con esta participación cidadá xa que o constituído como “Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade” de Lugo, contribuíu ao deseño do presente Plan de Igualdade, xunto coa participación das diferentes concellerías.

Polo que respecta á Administración Local, entre o 2005 e o 2014, o Concello de Lugo elaborou tres plans de igualdade.

A evolución nas liñas de actuación, tanto na súa definición como na

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

formulación de medidas, responde ás diferentes necesidades atopadas en cada período.

Así, se no Primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades (2005-2007) as liñas prioritarias foron “Participación cidadá”, “Educación”, “Cultura e deporte”, “Formación e emprego”, “Prevención da violencia”, “Sensibilización e comunicación” e “Calidade de vida”, no Segundo Plan de Igualdade a estas liñas engadiuse outra, referente á “Igualdade na Administración Local”, e no Terceiro introduciuse a transversalidade como elemento prioritario.

2. METODOLOXÍA

O primeiro paso para a elaboración do presente Plan de Igualdade foi a creación dunha Comisión de Transversalidade, como organismo encargado da supervisión e coordinación da posta en marcha das medidas, e coa finalidade última de transversalizar a perspectiva de xénero nos servizos, actuacións e políticas locais. Esta Comisión está composta polas seguintes áreas de competencia municipal:

- Sección de Cultura
- Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego
- Servizo de Facenda Local
- Concellería de Deportes
- Sección de Servizos Sociais
- Casa da Muller
- Policía Local
- Concellería de Xuventude e Deportes

Doutra banda, o deseño do IV Plan de Igualdade responde as conclusións do diagnóstico en materia de igualdade de oportunidades realizado entre os meses de outubro e febreiro. Ao longo da elaboración de devandito diagnóstico foron detectadas as diferentes necesidades en materia da incorporación da perspectiva de xénero nos servizos municipais e recompiladas as propostas de todas as persoas participantes no traballo de campo e a documentación municipal estudada.

A recollida de información e opinión procedente de informantes clave realizouse mediante técnicas cualitativas. As técnicas

empregadas e as entidades e áreas municipais participantes foron as seguintes:

- Cuestionario de autodiagnóstico do portal “Xestionando a Igualdade” sobre a integración da igualdade nas áreas de actuación municipal e no funcionamento da institución, respondido pola técnica de igualdade de xénero da Casa da Muller.
- Entrevista en profundidade: respondida pola Concelleira de Igualdade, Muller e Xuventude.
- Cuestionario remitido ás diferentes áreas de competencia municipal: Respondido polas seguintes áreas e servizos:
 - Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego
 - Concellería de Deportes
 - Concellería de Mobilidade e Infraestruturas
 - Concellería de Urbanismo Sostible
 - Concellería de Igualdade, Muller e Xuventude
 - Concellería de Educación e Difusión do Coñecemento
 - Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua
 - Concellería de Economía e Recursos Humanos

Reunión do Grupo focal coa participación do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade e outras entidades:

- Foro Maruja Mallo
- Comisión de Igualdade da Escola Politécnica de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela
- Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza
- Comisións Obreiras
- Unión Xeral de Traballadores
- Confederación Galega de persoas con Discapacidade (Asociación Acadar)
- Asociación Aliad
- Fundación Secretariado Gitano
- Concellería de Muller e Igualdade
- Casa da Muller

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

A partir destas conclusións elaboráronse **9 eixos** de actuación, **28 obxectivos específicos e 68 medidas** para o seu cumprimento, que se describirán ao longo do documento do Plan de Igualdade. Así mesmo, cada unha destas medidas incorpora instrucións para a súa implantación, seguimento e avaliación -a través dunha serie de indicadores deseñados para ese efecto-, e o nivel prioridade de cumprimento de cada medida. A transversalidade será a clave na implementación destas medidas.

Respecto á prioridade, establécense tres niveis –alta, media e relativa-. O nivel de prioridade non ten que ver coa necesidade de implantación de cada medida, senón que responde a criterios organizativos, orzamentarios ou de dificultade técnica.

Os niveis de prioridade e os criterios de para o establecemento son os seguintes:

Prioridade alta:

Medidas de obrigada execución para a posta en marcha doutras actuacións do plan, como aquelas relativas á formación en igualdade de oportunidades do persoal municipal (sen esta formación as diferentes áreas non poderían poñer en práctica medidas de aplicación da igualdade de oportunidades).

Medidas de obrigado cumprimento pola normativa estatal en materia de igualdade (como a elaboración dun Plan de Igualdade da xestión dos Recursos Humanos do Concello).

Medidas que non requiren de elevados recursos materiais e humanos (como medidas de continuación procedentes de plans de igualdade anteriores).

Prioridade media:

Medidas que son consecuencia directa da aplicación doutras actuacións de Prioridade alta (como a elaboración de informes de impacto de xénero).

Medidas que requiren da coordinación entre varias áreas municipais ou con entidades locais para a súa posta en marcha

(como a análise de necesidades das mulleres en ámbitos como a mobilidade ou o emprego).

Prioridade relativa:

Medidas que non son competencia directa da Administración Local pero nas que pode interceder coa Administración Autonómica (como as medidas pola inclusión da perspectiva de xénero nos servizos de saúde).

Medidas que precisan de novas liñas orzamentarias (como o impulso de servizos específicos para as mulleres prestados por entidades expertas).

Os niveis de prioridade de cada unha das medidas sinalarase cunha cor:

Prioridade alta

Prioridade media

Prioridade relativa

A Concellería de Muller e Igualdade, a través da Casa da Muller, será a encargada da coordinación de todas as medidas do Plan de Igualdade, que contará co apoio do resto de áreas municipais á hora de facilitar información para a execución, seguimento e avaliación das accións.

3. PRINCIPIOS REITORES DO PLAN DE IGUALDADE

A elaboración do IV Plan de Igualdade de Oportunidades rexeuse por unha serie de principios fundamentais que contribúen a que o seu deseño sexa rigoroso e a que a súa aplicación cumpra co obxectivo do desenvolvemento da igualdade de oportunidades no Concello de Lugo.

—A igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, definida como a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, en calquera ámbito da vida política, social ou económica.

—A transversalidade ou *mainstreaming*, entendida como a integración da perspectiva de xénero na formulación e aplicación

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

das políticas locais, asumindo que, aínda que estas deséñanse co obxectivo de mellorar a calidade de vida de toda a poboación, afectan de maneira distinta a mulleres e a homes, debido ás súas diferentes condicións de vida.

—A interseccionalidade de xénero e o respecto á diversidade, entendendo que as mulleres non son un grupo de poboación homoxéneo e tendo en conta, por tanto, que o deseño das políticas locais debe responder á combinación das desigualdades de xénero con outras circunstancias -a orixe étnica, a cultura, o nivel socioeconómico ou a orientación sexual, entre outros- que, en ocasións, aumentan a vulnerabilidade das mulleres.

—A participación cidadá, política e áreas de competencia municipal. Tal e como se puxo de manifesto anteriormente, o plan confeccionouse a partir dos resultados dun diagnóstico de igualdade de oportunidades do Concello, elaborado coa información facilitada e coas propostas de actuacións a incluír no IV Plan de Igualdade por todos os actores sociais municipais -desde a coordinación da Concellería de Igualdade, Muller e Xuventude e coa participación do resto de concellerías municipais, o equipo de goberno e o Foro Municipal de Participación Cidadá en materia de igualdade.

4. OBXECTIVOS E EIXOS DE ACTUACIÓN

Para a consecución do **obxectivo xeral** de integrar a perspectiva de xénero e o desenvolvemento da igualdade de oportunidades nas políticas, actuacións e servizos do Concello de Lugo, establécense os seguintes eixos de actuación, que conteñen, á súa vez, diferentes obxectivos específicos:

EIXO 1. Transversalización da perspectiva de xénero na Administración

—Promover a capacitación en materia de igualdade de oportunidades de todo o persoal do Concello.

—Establecer mecanismos de coordinación entre as diferentes áreas do Concello para a inclusión da perspectiva de xénero, de maneira transversal, nas políticas públicas.

—Continuar impulsando a paridade nas diversas estruturas, órganos, comisións, etc.

- Realizar estudos e informes de impacto de xénero das actuacións municipais.
- Continuar incorporando cláusulas de igualdade nas convocatorias e na contratación pública.
- Proseguir coa xeneralización do uso de linguaxe e imaxes non sexistas en todas as comunicacións municipais.
- Promover a elaboración dun Plan de Igualdade de Oportunidades da xestión dos recursos humanos do Concello.
- Propiciar a elaboración dun protocolo para a prevención do acoso sexual e por razón de sexo.
- Actuar contra a fenda dixital para mellorar a accesibilidade aos servizos municipais.

EIXO 2. Promoción do asociacionismo e a participación das mulleres

- Potenciar o papel do Foro de Igualdade, co incremento da participación, e visibilizar as súas aportacións.
- Mellorar a participación de todas as mulleres de Lugo nas decisións municipais.
- Establecer mecanismos de colaboración entre a administración local e o movemento asociativo.

EIXO 3. Sensibilización en materia de igualdade de oportunidades

- Visibilización das discriminacións múltiples.
- Sensibilizar aos diferentes grupos de poboación en materia de igualdade de oportunidades.

EIXO 4. Violencia de xénero, trata, explotación sexual e todas as formas de violencia machista, incluída a violencia sexual

- Avanzar na accesibilidade dos servizos de apoio e a atención a vítimas de violencia de xénero.
- Detectar as necesidades en relación con todos os tipos de violencia contra as mulleres.
- Sensibilizar a toda a poboación de Lugo en materia de violencia de xénero.
- Apoio á creación novos recursos contra a violencia de xénero.

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

EIXO 5. Educación

—Fomentar a coeducación e a igualdade de oportunidades nas escolas e centros educativos, así como noutros espazos

EIXO 6. Emprego

—Fomentar o emprego feminino.

—Promocionar a formación para o emprego desde a perspectiva de xénero.

—Sensibilizar ás empresas de Lugo na xestión dos seus recursos humanos desde a perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades.

EIXO 7. Conciliación e corresponsabilidade

—Favorecer a conciliación e a corresponsabilidade mediante a mellora da accesibilidade dos servizos municipais.

EIXO 8. Cultura e deportes

—Introducir a cultura feminina e o principio de igualdade na rede de Bibliotecas Municipais.

—Promocionar o feminismo nos eventos culturais municipais.

—Fomentar o deporte feminino.

EIXO 9. Saúde, urbanismo, mobilidade e vivenda

—Difusión de información para contribuír á mellora dos recursos sobre patoloxías exclusivamente femininas.

—Introducir a perspectiva de xénero na mobilidade e seguridade cidadá.

—Mellorar o acceso á vivenda de mulleres en situación de vulnerabilidade.

5. EIXOS, OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

A continuación, detállanse as **68 medidas** incluídas en cada un dos eixos de actuación e os obxectivos específicos, indicando os detalles para a súa posta en marcha, así como para o seguimento e avaliación da súa implantación:

EIXO 1. Transversalización da perspectiva de xénero na Administración

Obxectivo 1.1. Promover a capacitación en materia de igualdade de oportunidades de todo o persoal do Concello

Medida 1. Detección das necesidades formativas en materia de igualdade de oportunidades do persoal das diferentes áreas municipais.

Detectar as necesidades de cada área en función do seu campo de actuación, analizando o tipo e o número de cursos de formación en igualdade de oportunidades recibidos, até o momento da aprobación do plan, polas persoas de cada área do Concello.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Informe de necesidades formativas realizado.
- Nº de áreas municipais que participaron na elaboración do informe.
- % sobre o total de áreas municipais.

Medida 2. Posta en marcha dun plan de formación en materia de igualdade para o persoal municipal.

Este plan de formación vai responder ás necesidades detectadas coa posta en marcha da medida 1.

Prioridade: alta

Indicadores de avaliación e seguimento:

- Nº de accións formativas postas en marcha por temática e ano.
- % de persoas asistentes ás accións formativas, por servizo, posto de traballo e sexo.

Medida 3: Inclusión, dentro dos plans de formación continua do persoal municipal, de materias relacionadas coa igualdade de

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

oportunidades. Incluirase un módulo transversal de igualdade de oportunidades que faga referencia á temática da formación recibida.

Prioridade: alta

Indicadores de avaliación e seguimento:

- Nº de cursos de formación continua do persoal municipal aos que se incluíron módulos transversais de igualdade.
- Nº de persoas que recibiron formación continua na que se inclúen módulos transversais de igualdade de oportunidades, por área e sexo.

Medida 4: Establecemento de cursos de especialización en integración transversal da perspectiva de xénero e elaboración de informes de impacto de xénero.

As formacións recibirán as persoas que se vaian a ocupar da elaboración dos informes de impacto de xénero.

Prioridade: alta

Indicadores de avaliación e seguimento:

- Nº de accións formativas en transversalidade e elaboración de informes de impacto de xénero postas en marcha.
- Nº de persoas asistentes ás accións formativas, por área e sexo.

Medida 5: Inclusión da formación en materia de igualdade de oportunidades entre os puntos a valorar nos concursos de méritos do persoal municipal.

Nos baremos para valorar os concursos de méritos, incluír puntuación para aquelas persoas que realicen formación en igualdade de oportunidades.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- % de concursos de méritos nos que se inclúe a formación en igualdade de oportunidades como puntos a valorar.

Medida 6: Inclusión, no temario das convocatorias de oferta de emprego público do Concello, temas específicos e/ou contidos que versen sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Os temas da formación deben ser valorados pola temática da convocatoria, como normativa e lexislación, aplicación de perspectiva de xénero, transversalización, violencia de xénero...

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de temas específicos de igualdade de oportunidades incluídos no temario das convocatorias.
- % de temarios de convocatorias de emprego público nos que se inclúen temas específicos sobre igualdade entre mulleres e homes.

Obxectivo 1.2. Establecer mecanismo de coordinación entre as diferentes áreas do Concello para a inclusión da perspectiva de xénero, de maneira transversal nas políticas públicas

Medida 7: Elaboración dun plan de traballo anual e un calendario de reunións da Comisión de Transversalidade, que se recollerán nun regulamento de funcionamento.

No marco da vixencia do plan de igualdade elaborárase o regulamento de funcionamento da comisión, establecendo que se deberán elaborar anualmente plans de traballo cos seus correspondentes calendarios de reunións.

Prioridade: alta

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Plan de traballo da Comisión de Transversalidade elaborado.
- Nº de reunións ao longo da vixencia do plan.

Obxectivo 1.3. Realizar estudos e informes de impacto de xénero das actuacións municipais

Medida 8: Elaboración de informes de impacto de xénero dos orzamentos locais.

Estes informes deben analizar a contribución dos diferentes programas de gasto municipais á redución das desigualdades e á promoción da igualdade entre mulleres e homes no municipio, e informes de impacto de xénero das actuacións municipais.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Informes de impacto de xénero dos orzamentos municipais elaborados durante a vixencia do plan.
- Nº de modificacións de programas de investimento analizados por ano.

Medida 9: Adaptación dos sistemas de recollida de información sobre as persoas usuarias dos servizos municipais para que permitan unha recompilación sistemática de datos desagregados por sexo.

Realizárase esta adaptación de maneira que sexa posible recompilar, de maneira sistemática, datos desagregados por sexo e información que permita coñecer de maneira diferenciada o uso que mulleres e homes fan dos mesmos, así como a avaliación dos servizos desde unha óptica de xénero.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de servizos municipais que recollen as súas estatísticas

por sexo.

- % de sistemas de recompilación de información de uso dos servizos adaptados para a recollida do variable sexo.
- % de estudos e informes municipais que recollen información desagregada por sexo.

Medida 10: Elaboración de informes de impacto de xénero dos servizos e políticas locais.

Estes informes recollerán as diferenzas nos resultados e os efectos dos servizos e políticas locais na vida de mulleres e homes, co obxectivo de identificar, previr e evitar a produción ou o incremento das desigualdades de xénero. Ademais, analizarán a contribución dos diferentes programas de gasto municipais á redución das desigualdades e á promoción da igualdade entre mulleres e homes no municipio.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- % de servizos municipais e políticas locais que elaboraron informes de impacto de xénero.

Medida 11: Elaboración de informes sobre os perfís de mulleres que utilizan os servizos da Casa da Muller.

Estes informes contemplarán variables como a idade, a situación sociolaboral ou a nacionalidade, e recollerán información sobre os tipos de demanda por perfís (información sobre axudas, apoio na procura de emprego, información sobre temas xurídicos...), para obter unha aproximación á súa situación social e económica e ás súas necesidades.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- % dos servizos da Casa da Muller para os que se fixeron informes dos perfís de mulleres usuarias.
- % dos servizos con adaptacións como resultado dos

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

informes realizados.

Obxectivo 1.4. Continuar incorporando cláusulas de igualdade nas convocatorias e na contratación pública

Medida 12: Inclusión de cláusulas nas convocatorias de axudas municipais para priorizar o acceso aos recursos ás familias monomarentais/monoparentais e mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Incorporaranse cláusulas relacionadas coa priorización de axudas para estas familias e mulleres en situacións de especial vulnerabilidade, como mulleres migradas, con discapacidade, paradas de longa duración, vítimas de violencia de xénero, entre outras.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Situacións de vulnerabilidade de mulleres contempladas nas cláusulas de prioridade.
- % de convocatorias que inclúen cláusulas que priorizan o acceso a familias monoparentais, e mulleres en situacións de vulnerabilidade.
- Nº de familias monoparentais e mulleres en situacións de vulnerabilidade beneficiarias de axudas municipais.

Medida 13: Inclusión de criterios de valoración relativos á igualdade nas convocatorias de subvencións e nos pregos de contratación pública.

Nas convocatorias de subvencións incluíranse criterios de valoración relacionados con: a aplicación de medidas de igualdade na xestión de recursos humanos, a inclusión, no seu caso, de obxectivos relacionados coa igualdade de oportunidades nos estatutos da entidade e a inclusión de actividades de promoción da igualdade no proxecto para o que se solicita a subvención, sempre que este se dirixa a mulleres e homes. Así mesmo, nos pregos para a contratación de obras ou servizos, incorporaranse criterios de

valoración relacionados coa integración de medidas de igualdade na xestión de persoal das empresas licitadoras, así como condicións especiais de execución relacionadas coa igualdade de mulleres e homes.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- % de concursos públicos nos que se priman criterios de igualdade e capacidade técnica por encima do orzamento.
- % de empresas que puntúan polos criterios de igualdade.

Obxectivo 1.5. Proseguir coa xeneralización do uso de linguaxe e imaxes non sexistas en todas as comunicacións municipais

Medida 14: Posta en marcha de vetos á publicidade, comunicacións ou actividades que difundan, banalicen ou promovan o sexismo e a explotación sexual.

Estes vetos imporanse evitando a difusión deste tipo de publicidade e retirando o financiamento municipal de actividades con estas características.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de actuacións postas en marcha para o veto da publicidade, comunicación ou actividades que promoven o sexismo e a explotación sexual.

Medida 15: Normalización do uso dunha linguaxe non sexista nas disposicións, normativas, expedientes, comunicacións e demais documentos do Concello, incidindo na páxina web municipal, e nos carteis e rótulos informativos das dependencias municipais.

O persoal do Concello revisará o uso da linguaxe e das imaxes para que vixiar que sexan non sexistas nin discriminatorias, en todos os formatos e soportes da comunicación institucional, tanto na web, como nas redes sociais, cartellaría, bandos ou circulares

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

internas.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- % de textos da páxina web que contan coa revisión da linguaxe non sexista, por ano.
- % de publicacións nas redes sociais que contan coa revisión da linguaxe non sexista, por ano.
- % de cartalaría e materiais editados polo Concello que contan coa revisión da linguaxe non sexista, por ano.

Obxectivo 1.6. Promover a elaboración dun Plan de Igualdade de Oportunidades de xestión dos recursos humanos do Concello de Lugo

Medida 16: Impulso para a creación dunha Comisión Negociadora, que se encargue de coordinar o deseño dun Plan de Igualdade da xestión dos seus recursos humanos.

Esta Comisión estará formada, a partes iguais, pola representación legal do persoal e por responsables da xestión de persoal do Concello.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Comisión Negociadora creada.

Medida 17: Impulso para a elaboración dun Plan de Igualdade de Oportunidades da xestión dos recursos humanos do Concello de Lugo.

O Plan de Igualdade debe ser resultado dun diagnóstico que analice as posibles desigualdades entre mulleres e homes na xestión dos recursos humanos do Concello, nas áreas que establece a normativa na súa elaboración, co obxectivo de deseñar medidas de mellora a incorporar nun Plan de Igualdade.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Informe diagnóstico da situación dos recursos humanos do Concello en materia de igualdade, elaborado.
- Plan de Igualdade de oportunidades da xestión dos recursos humanos do Concello de Lugo, elaborado.

Obxectivo 1.7. Propiciar a elaboración dun protocolo para a prevención do acoso sexual e por razón de sexo

Medida 18: Promoción da creación dun protocolo de prevención e resposta fronte ao acoso sexual e por razón de sexo. Este protocolo realizarase coa participación da representación legal do persoal do Concello.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Protocolo de prevención e resposta fronte ao acoso sexual e por razón de sexo elaborado.

Obxectivo 1.8. Actuar contra a fenda dixital para mellorar a accesibilidade aos servizos municipais

Medida 19: Impulso para a posta en marcha de accións formativas, dirixidas especialmente a mulleres, no uso da administración electrónica.

A formación versará sobre o manexo de novas tecnoloxías en referencia ao uso da administración electrónica e aos servizos que ofrecen esta posibilidade, como a ofertas laborais, subvencións ou axudas.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de accións formativas realizadas.

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

- Taxa de asistencia a cada acción formativa: (Nº de mulleres asistentes/Nº de prazas dispoñibles) *100

EIXO 2. Promoción do asociacionismo e a participación das mulleres

Obxectivo 2.1. Potenciar o papel do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade, co incremento da participación e visibilización das súas aportacións

Medida 20: Difusión do traballo do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade para incrementar a integración nel dos distintos colectivos e asociacións da cidade, especialmente daquelas que representan ás mulleres en situación de vulnerabilidade.

Esta difusión realizarase a partir de materiais editados coa colaboración do Foro, como folletos e cartelaría, a disposición en todos os servizos do Concello e entidades en favor da igualdade de oportunidades

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de materiais editados.
- Nº de servizos e entidades aos que se fixo chegar materiais relacionados co funcionamento do Foro de Participación Municipal en materia de igualdade.
- Nº de asociacións, entidades ou persoas incorporadas, anualmente, ao Foro de Participación Municipal en materia de Igualdade.

Obxectivo 2.2. Mellorar a participación de todas as mulleres nas decisións municipais

Medida 21: Establecemento de espazos de participación para as mulleres en situación de especial vulnerabilidade, que faciliten o coñecemento dos servizos do Concello para as súas necesidades específicas.

Estes espazos de participación consistirán en reunións convocadas polo Concello, en colaboración coas asociacións e entidades do municipio, coas súas usuarias, de maneira que se poidan detectar as necesidades e chegar a acordos sobre medidas a pór en marcha para resolvelas.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de reunións celebradas.
- Nº de mulleres asistentes ás reunións.
- Nº de acordos alcanzados.
- Nº de medidas definidas.

Obxectivo 2.3. Establecer mecanismos de colaboración entre a administración local e o movemento asociativo

Medida 22: Mantemento dunha vía de comunicación fluída e de consulta periódica coas organizacións da sociedade civil e do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade para o deseño de programas, actuacións e políticas municipais.

Estas vías de comunicación serán reunións periódicas celebradas entre os dous organismos, e calendarizadas anualmente.

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de consultas periódicas co movemento asociativo.
- Nº de persoas do Concello asistente ás consultas, por sexo e área.
- Nº de persoas do Foro de Participación Municipal en materia de Igualdade asistente ás consultas.
- Nº de acordos alcanzados.

Medida 23: Establecemento de mecanismos de colaboración e intercambio de coñecemento entre as asociacións dedicadas á atención de mulleres vítimas de violencias machistas, trata e explotación sexual, e a Casa da Muller.

Estes mecanismos de colaboración serán reunións celebradas co

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

obxectivo de detectar necesidades das mulleres vítimas de violencias machistas, trata e explotación sexual, e chegar a acordos.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de reunións celebradas.
- Nº de asociacións asistentes ás reunións.
- Nº de acordos alcanzados.

EIXO 3. Sensibilización en materia de igualdade de oportunidades

Obxectivo 3.1. Visibilización das discriminacións múltiples

Medida 24: Realización dunha campaña de visibilización das discriminacións múltiples.

Esta campaña realizarase desde o enfoque da interseccionalidade e centrarase na difusión de datos e información sobre as discriminacións múltiples e na condena das mesmas. A difusión realizarase utilizando todos os medios de divulgación e información dos que dispón o Concello.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de textos publicados nas redes sociais.
- Nº de carteis ou folletos editados.
- Nº de instalacións municipais, comercios e entidades nas que se distribuíron os materiais de difusión, por tipo de instalación.

Medida 25: Celebración dunha campaña anual de sensibilización para a visibilización da diversidade sexual das mulleres.

A campaña centrarase na visibilización das mulleres LTBI e realizarase a través dos diferentes soportes e medios dos que

dispón o concello (páxina web, redes sociais, folletos ou carteis distribuídos nas instalacións municipais, comercios e sedes de entidades).

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de textos publicados nas redes sociais.
- Nº de carteis ou folletos editados.
- Nº de instalacións municipais, comercios e entidades nas que se distribuíron os materiais de difusión.

Medida 26: Impulso para a posta en marcha de programas de alfabetización para mulleres migradas.

Estes programas serán accións formativas para as mulleres migradas que non coñezan as linguas castelá e galega, ofrecendo servizos de lectura, escritura e conversación e se impulsarán a partir de liñas de subvención á entidades locais.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Liñas de subvención para o impulso convocadas
- Nº de programas de alfabetización postos en marcha.
- Taxa de asistencia aos programas: (Nº de mulleres asistentes/Nº de prazas ofertadas) *100.

Obxectivo 3.2. Sensibilizar aos diferentes grupos de poboación en materia de igualdade de oportunidades

Medida 27: Continuar coas accións de sensibilización co lanzamento de mensaxes en favor da igualdade a través dos medios de difusión a disposición do Concello en materia de igualdade, dirixidas a toda a cidadanía, con especial atención a homes.

Implementaranse actividades que promocionen a igualdade entre os homes de diferentes idades e condición social, e orientados a

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

distintas temáticas, por exemplo, coeducación, corresponsabilidade, emprego, deportes, cultura, entre outros, e tendo en conta aqueles programas xa realizados noutros ámbitos (por exemplo, a campaña da ONU “HeforShe”, 2014).

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de mensaxes lanzadas nos medios de difusión do Concello.

Medida 28: Apertura de espazos de comunicación coa mocidade, ao redor da difusión e intercambio de ideas en materia de igualdade de oportunidades.

Estes espazos de comunicación serán as redes sociais, a web do Concello, a Casa da Muller, a través das que se difundirá información.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de espazos de comunicación coa mocidade, establecidos.
- Nº de respostas de mozas por tipo de espazo e sexo. (Visitas á Casa da Muller, interaccións nas publicacións de redes sociais, descargas de material subido á web...).

Medida 29: Realización dunha campaña de difusión e información sobre a elaboración e posta en marcha do IV Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Lugo.

Esta difusión realizarase a través dos mecanismos de comunicación do Concello, como a páxina web, redes sociais e materiais divulgativos.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- N° de publicacións sobre a elaboración e posta en marcha do Plan de Igualdade.
- N° de materiais divulgativos distribuídos.

EIXO 4. Violencia de xénero, trata, explotación sexual e todas as formas de violencia machista, incluída a violencia sexual

Obxectivo 4.1. Avanzar na accesibilidade aos servizos de apoio e atención a vítimas de violencia de xénero.

Medida 30: Difusión dos servizos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero entre a poboación, os servizos municipais e as entidades públicas e privadas, co fin de que as usuarias coñezanos e saiban utilizalos.

Esta difusión realizarase a través de información sobre os servizos en materia de violencia de xénero nos distintos soportes do Concello, como a páxina web, as redes sociais, folletos ou carteis distribuídos entre a poboación, as instalacións municipais, comercios e sedes de entidades.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- N° de textos publicados nas redes sociais.
- N° de carteis ou folletos editados.
- N° de instalacións municipais, comercios e entidades nas que se distribuíron os materiais de difusión.
- % de incremento das usuarias destes servizos.

Medida 31: Impulso para a incorporación de mulleres vítimas de trata e explotación sexual, como colectivo prioritario para acceder a programas de acceso á vivenda, o emprego, os cuidados e outros recursos e servizos municipais.

Serán colectivo prioritario a través do seu recoñecemento como vítimas de violencia de xénero.

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de mulleres vítimas de trata e explotación sexual incorporadas a cada programa.

Obxectivo 4.2. Detectar as necesidades e ampliar a definición das distintas formas de violencia contra as mulleres

Medida 32: Establecemento de vías de colaboración con entidades especializadas en trata e explotación sexual, para mellorar a identificación e a abordaxe ante estes casos de violencia de xénero, coas súas especificidades en detección e atención.

Estas vías de colaboración serán reunións coas entidades, co obxectivo de trasladar as necesidades específicas e concretar a súa actuación nos diferentes casos.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de reunións con profesionais e entidades especializadas en trata e explotación sexual.
- Nº de entidades asistentes ás reunións.
- Nº de acordos de actuación alcanzados.

Medida 33: Elaboración dun estudo da incidencia das violencias machistas e as súas diferenzas nos espazos urbano e rural para poder adoptar medidas específicas en cada caso.

O devandito estudo realizarase analizando as posibles casuísticas das agresións machistas sufridas nas contornas rurais e urbanas e vendo as súas posibles diferenzas en variables relacionadas co lugar, o momento ou as características de vítima e agresor.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Estudo da incidencia da violencia machista nos espazos

urbano e rural.

Obxectivo 4.3. Formar e sensibilizar a toda a poboación de Lugo en materia de violencia de xénero

Medida 34: Continuar coa a realización de xornadas e obradoiros en materia de violencia de xénero a mozos e mozas escolarizados, ao profesorado e ás ANPAS en centros públicos ou concertados. Estas xornadas e obradoiros incluírán contidos que axuden a detectar roles e estereotipos de xénero na escola, actitudes machistas, situacións de violencia e a desmitificar o amor romántico. Para a súa impartición elaboraranse materiais didácticos que incidan na prevención e a detección de situacións de violencia machista.

Os obradoiros dirixidos a mozos e mozas centraranse en contidos relacionados co bo trato e a educación afectivo sexual baseada no respecto, o desexo mutuo e o coidado, abordando o modelo de masculinidade tóxica e vinculándoo coa demanda de prostitución e pornografía como novas formas de violencia contra as mulleres.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- N^o de accións de formación realizadas.
- Taxa de asistencia a cada acción formativa: (N^o de asistentes/N^o de prazas ofertadas) *100
- N^o de persoas participantes nos obradoiros por sexo e tipo de grupo destinatario (ANPAS, profesorado e mocidade) segundo sexo.

Medida 35: Continuar coa celebración de campañas de sensibilización da poboación contra as violencias machistas. As campañas de sensibilización consistirán en xornadas informativas sobre as violencias machistas dirixidas á cidadanía, desde as máis graves até aquelas que están normalizadas, como os micromachismos, e incluíndo o consumo de prostitución e a explotación sexual como forma de violencia.

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Campañas informativas realizadas.

Medida 36: Realizar, desde o Concello, unha declaración pública de rexeitamento a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, así como unha campaña de sensibilización sobre este fenómeno social, dirixida especialmente á poboación moza.

Esta declaración pública difundirase en todos os medios de comunicación municipais, como páxina web ou redes sociais.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Declaración pública de rexeitamento a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual realizada.
- Medios polos que se difundiu a declaración pública.
- Campaña de sensibilización celebrada.

Obxectivo 4.4. Apoio á creación de novos recursos contra a violencia de xénero

Medida 37: Impulso para a creación de recursos de atención específicos para menores vítimas de violencia machista.

Estes recursos deben contemplar as necesidades especiais das e dos menores que sofren violencia machista, e ser atendidas por persoas formadas para ese efecto.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Recursos de atención especializada para menores vítimas de violencia machista creados.
- Nº anual de usuarias dos recursos de atención psicolóxica a

menores vítimas de violencia machista.

Medida 38: Impulso para a creación de recursos de atención integral á trata e á explotación sexual, colaborando para a elaboración de accións e programas para a recuperación física e psíquica, e acceso a recursos sociais e laborais.

Esta atención integral ofrecerase elaborando un itinerario de recuperación, dando prioridade de acceso aos servizos municipais ás mulleres vítimas de trata e explotación sexual e á súa inserción laboral. O impulso realizarase a través de liñas de subvención a entidades locais especializadas.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Liñas de subvención convocadas.
- Recursos de atención integral a trata e a explotación sexual creados.
- Nº anual de vítimas de trata e explotación sexual integradas no itinerario.

Medida 39: Colaboración na posta en marcha de cursos específicos dirixidos a vítimas de violencia machista co fin de mellorar a súa autoestima e empoderamento.

Incluiranse temáticas como a mellora da autoestima, a defensa persoal, a defensa no acoso rueiro, a procura de emprego ou a formación profesional, entre outras. A colaboración realizarase a través de liñas de subvención a entidades locais especializadas.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Liñas de subvención convocadas.
- Nº de cursos postos en marcha, por temática.
- Taxa de asistencia aos cursos: (Nº de persoas asistentes/Nº de prazas ofertadas)

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

*100.

- Nº de mulleres participantes.

Medida 40: Colaborar na posta en marcha de accións formativas sobre a abordaxe da trata, a explotación sexual e a violencia machista a colectivos profesionais que interveñan no proceso de información e atención a mulleres vítimas de trata, mulleres prostituídas e vítimas de violencia de xénero.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de accións formativas postas en marcha por colectivo profesional de destino.
- Taxa de asistencia de cada acción formativa (Nº de asistentes/Nº de prazas ofertadas) *100.
- Nº de persoas formadas.

Medida 41: Demanda dun xulgado específico de violencia de xénero.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de acordos alcanzados coa Administración Autonómica e Central.

EIXO 5. Educación

Obxectivo 5.1. Fomentar a coeducación e a igualdade de oportunidades nas escolas e centros educativos, así como noutros espazos.

Medida 42: Impulso para a posta en marcha de obradoiros sobre igualdade nos centros de ensino de infantil, primaria e secundaria, así como noutros espazos.

Estes obradoiros incluírán conceptos básicos da igualdade de xénero (diferencia sexo- xénero e identificación de roles e

estereotipos de xénero) e a visibilización de mulleres en ámbitos nos que están pouco representadas; así como, a diversidade afectivo-sexual. O impulso realizarase a partir de liñas de subvencións para entidades especializadas.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Liñas de subvención convocadas.
- Nº de talleres postos en marcha, por tipo de centro.
- Taxa de asistencia a cada taller: (Nº de asistentes/Nº de prazas ofertadas) *100.
- Nº de alumnos/as participantes.
- Nº de grupos que participaron nos talleres.

Medida 43: Elaboración e posta a disposición dos centros educativos dun repositorio de recursos materiais de apoio para unha educación non sexista.

Esta recompilación constará de publicacións non sexistas como contos infantís, novelas, xogos ou actividades culturais e de lecer organizadas polo Concello, entre outros, así como, a diversidade afectivo-sexual.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Repositorio realizado.
- % de centros de ensino primario e secundario e de ANPAS aos que se distribuiron materiais de contido non sexista.

Medida 44: Impulso para a posta en marcha de actividades formativas en xénero e igualdade de oportunidades de mulleres e homes, dirixidas a nais e pais.

Estas actividades formativas ofertaranse aos pais e nais do alumnado de centros de infantil, primaria e secundaria. Versarán sobre os conceptos básicos en igualdade de oportunidades

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

(diferencia sexo-xénero, detección de roles e estereotipos de xénero), actitudes e violencias machistas ou visibilización de mulleres en ámbitos infrarrepresentados, así como, a diversidade afectivo-sexual. O impulso realizarase a partir de liñas de subvencións para entidades especializadas.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Liñas de subvención convocadas.
- Nº de actividades formativas postas en marcha.
- Nº de centros de ensino nos que se puxeron en marcha actividades formativas.
- Taxa de asistencia a cada actividade formativa: (Nº de asistentes/Nº de prazas ofertadas) *100- Nº de persoas participantes por sexo.

EIXO 6. Emprego

Obxectivo 6.1. Fomentar o emprego feminino

Medida 45: Impulsar a creación dun servizo de orientación laboral e apoio ao emprendemento específico para mulleres.

Os servizos para a orientación laboral e o emprendemento xerais xa existentes no Concello crearán programas específicos para mulleres.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Servizo de apoio á inserción laboral específico para mulleres, creado.
- Servizo de apoio ao emprendemento específico para mulleres, creado.
- Nº de usuarias dos servizos de inserción laboral e emprendemento.

- Nº de mulleres atendidas no servizo de orientación e apoio ao emprendemento durante a vixencia do plan.

Medida 46: Posta en marcha de accións formativas para a integración da perspectiva de xénero no acceso ao emprego e a creación de empresas, dirixidas ao persoal dos servizos de apoio ao emprendemento do municipio.

Estas accións formativas versarán sobre a atención específica a mulleres e a integración da perspectiva de xénero nos servizos de apoio á inserción laboral e ao emprendemento.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de accións formativas postas en marcha.
- % de persoas traballadoras dos servizos de apoio ao emprego asistentes ás accións formativas, por sexo.

Medida 47: Establecemento de incentivos a empresas para a contratación de mulleres, sobre todo naqueles sectores masculinizados.

Os servizos de orientación laboral específicos de mulleres establecerán procesos de intermediación con empresas de sectores masculinizados a través de incentivos para a contratación de mulleres, especialmente a aquelas que se atopen en situacións de vulnerabilidade.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de axudas concedidas ás empresas durante a vixencia do plan.
- Nº de empresas que solicitan a axuda durante a vixencia do

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

plan.

- % de mulleres contratadas a través das axudas durante a vixencia do plan.

Obxectivo 6.2. Promocionar a formación para o emprego desde a perspectiva de xénero

Medida 48: Impulso para a posta en marcha de accións formativas no manexo básico de novas tecnoloxías a mulleres sen coñecementos previos.

Esta formación porase en marcha a partir dos servizos de orientación laboral específicos para mulleres, xa que permitirá o acceso a formación ocupacional online organizada por entidades e administración local. O impulso realizarase a partir de liñas de subvencións para entidades especializadas.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Liñas de subvención convocadas.
- Nº de accións formativas postas en marcha.
- Taxa de asistencia ás accións formativas: $(\text{N}^{\circ} \text{ de asistentes} / \text{N}^{\circ} \text{ de prazas ofertadas}) * 100$.

Medida 49: Inclusión da formación en igualdade en todos os cursos de formación ocupacional ofrecida polo Concello. Esta integración realizarase a través da inclusión de módulos transversais de igualdade en cada curso ofrecido.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- % de cursos de formación ocupacional que inclúen módulos transversais de igualdade.

Obxectivo 6.3. Sensibilizar ás empresas de Lugo na xestión dos seus recursos humanos desde a perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades

Medida 50: Elaboración e difusión dunha guía para a realización dun protocolo de acoso sexual e por razón de sexo no emprego.

A difusión realizarase a través da posta a disposición da guía nos servizos de emprego e emprendemento municipais, nas organizacións sindicais e noutras entidades especializadas.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Guía para a elaboración do protocolo realizada.
- % de espazos nos que se difundiu a guía, por tipo de espazo.
- Nº de guías distribuídas a entidades.

Medida 51 : Fomento da posta en marcha de plans de igualdade nas empresas.

Desde a Concellería de Igualdade, Muller e Xuventude e o servizo de emprego farase chegar ás empresas información (a través de folletos e materiais elaborados) sobre os beneficios de implantar plans de igualdade nas empresas, así como información sobre a normativa vixente na súa elaboración.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de materiais informativos elaborados.
- % de empresas ás que se fixeron chegar materiais.

EIXO 7. Conciliación e corresponsabilidade

Obxectivo 7.1. Mellorar a accesibilidade aos servizos municipais mediante actuacións de mellora da conciliación e a corresponsabilidade

Medida 52: Adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nos horarios de traballo do persoal

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

do Concello de Lugo, tal como se detalla:

Flexibilización nunha hora diaria no tempo de presenza obrigatoria sobre a xornada que se teña establecida para os empregados/as públicos que teñan ao seu cargo persoas maiores, fillos/as menores de 12 anos ou persoas con discapacidade, así como para os/as que teñan ao seu cargo directo a un familiar con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Flexibilización de dúas horas diarias sobre o tempo de presenza obrigatoria sobre a xornada que se teña establecida para os/as empregados/as públicos que teñan ao seu cargo personas con discapacidade ata o primeiro grao de consanguineidade ou afinidade.

Excepcionalmente, modificación do tempo de presenza obrigatoria nun máximo de dúas horas nos casos de familias monoparentais/monomarentais.

Dereito de ausentarse do traballo para someterse a técnicas de fecundación ou reprodución asistida polo tempo necesario para a súa realización.

Dereito de ausentarse do traballo para os/as empregados/as públicos que teñan fillos/as con discapacidade polo tempo indispensable para asistir a reunións de coordinación do seu centro educativo, ordinario de integración ou de educación especial, ou para acompañalo/a se ha recibir apoio adicional no ámbito sanitario ou social.

Adaptación progresiva da xornada de traballo ordinaria para os empregados/as públicos que se reincorporen ao servizo efectivo á finalización dun tratamento de radioterapia ou quimioterapia.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de servizos municipais que adaptan o seu horario.

Medida 53: Reforzo e ampliación dos servizos de coidados, atendendo aos horarios das actividades formativas, e fortalecendo a organización de servizos e actividades a menores fóra do horario escolar, así como no período vacacional.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Ampliación dos servizos de coidade establecido.
- Nº de actividades fóra do horario escolar organizadas.
- Taxa de asistencia ás actividades (Nº de asistentes/Nº de prazas dispoñibles) *100.

Medida 54: Realización dun estudo de prospección de recursos para a conciliación, con especial atención ás necesidades específicas de conciliación da poboación do ámbito rural, das persoas con diversidade funcional e da poboación en diferentes situacións de vulnerabilidade.

Para a realización do estudo solicitarase a colaboración das entidades en favor das mulleres con discapacidade, de contornas rurais e de situación de vulnerabilidade e do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Estudo de prospección realizado.

Medida 55: Elaboración e difusión, entre o persoal municipal e a poboación en xeral, dunha guía informativa sobre permisos, excedencias, prestacións e recursos para a conciliación.

A difusión desta guía realizarase poñéndoa a disposición nos centros de traballo municipais e de todos os servizos de atención ao público.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Guía informativa sobre recursos de conciliación elaborada.
- % de centros de traballo municipais e de servizos de

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

atención ao público aos que se distribuíu guías informativas.

- Nº de guías entregadas.

EIXO 8. Cultura e deportes

Obxectivo 8.1. Introducir a cultura feminina e o fomento da igualdade de xénero na rede de bibliotecas municipais.

Medida 56: Seguir traballando nun sistema de préstamo de libros na Biblioteca Feminista da Casa da Muller, para potenciar a lectura e a sensibilización en igualdade, coa colaboración da Biblioteca municipal.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Sistema de préstamo de libros activado.
- Nº de persoas usuarias da biblioteca que solicitaron libros en préstamo, por sexo.

Medida 57: Ampliación do fondo documental da Biblioteca Municipal de libros infantís e xuvenís de contidos non estereotipados respecto ao xénero. Realízase co asesoramento da Casa da Muller.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de novos títulos no fondo documental da Biblioteca Municipal.

Medida 58: Elaboración e difusión entre a cidadanía dunha guía de lecturas e visionado non sexistas por idades.

Esta guía difundirase nos centros escolares de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria, e nos servizos municipais.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Guía de lecturas non sexistas elaborada.
- % de servizos municipais e centros escolares nos que se puxo a disposición a guía.

Obxectivo 8.2. Promocionar o feminismo nos eventos culturais municipais

Medida 59: Impulso da presenza feminina nos espazos públicos e no rueiro e da marca Mulleres con Forza.

Daranse nomes de mulleres referentes da cultura e os deportes aos parques infantís da cidade, usando sistemas QR que permitan coñecer a biografía de cada unha delas.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- % de parques infantís da cidade con nomes de mulleres referentes e código QR instalado.

Nº de descargas da información dos códigos QR.

Medida 60: Visibilización e dignificación do papel das mulleres na sociedade.

Seguirase a incorporar, á programación cultural municipal, a organización de xornadas, exposicións, etc., que visibilicen as achegas das mulleres á cultura.

Prioridade: alta

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de eventos organizados por ano durante a vixencia do Plan de Igualdade.

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

Obxectivo 8.3. Fomentar o deporte feminino

Medida 61: Realización dun estudo para a análise das necesidades do deporte feminino na cidade.

Para a realización do estudo de necesidades solicitarase a colaboración das entidades dedicadas ao deporte.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Estudo para a análise das necesidades do deporte feminino realizado.

EIXO 9. Saúde, urbanismo, mobilidade e vivenda

Obxectivo 9.1. Difundir información e mellorar os recursos sobre patoloxías exclusivamente femininas

Medida 62: Impulso de obradoiros, dirixidos ás mulleres do municipio, sobre patoloxías exclusivamente femininas.

Estes obradoiros informarán das patoloxías femininas e como abordalas, serán impartidas por persoal sanitario experto. O impulso realizarase a través da convocatoria de liñas de subvención a entidades especializadas.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Liñas de subvención convocadas.
- Nº de talleres organizados.
- Taxa de asistencia a talleres: (Nº de asistentes/Nº de prazas ofertadas) *100.

Medida 63: Demanda, á Administración Autonómica, de recursos especializados no diagnóstico e tratamento de enfermidades que

afectan especialmente ás mulleres, como a endometriose.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de demandas realizadas á Administración Autonómica.
- Nº de acordos alcanzados.

Obxectivo 9.2. Mellorar a seguridade e a mobilidade urbana

Medida 64: Establecemento de espazos de traballo transversais do Concello e o Foro de Igualdade para deseñar medidas que aseguren un transporte público seguro e libre de agresións machistas.

Estes espazos de colaboración realizaranse a través de reunións, impulsadas pola Concellería de Muller e Igualdade, para a transmisión de necesidades e a chegada a acordos que melloren a seguridade nos transportes.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de reunións celebradas.
- Nº de entidades asistentes.
- Nº de acordos alcanzados.

Medida 65: Realización dun estudo para a detección de necesidades de mobilidade das mulleres, especialmente daquelas con discapacidade.

Este estudo realizarase coa participación activa das mulleres da cidade e outros axentes sociais implicados.

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Estudo para a detección de necesidades de mobilidade das mulleres realizado.

Medida 66: Realización dun mapeo de puntos escuros da cidade.

Este estudo realizará unha análise das diferentes zonas do municipio coa participación activa das mulleres da cidade e outros axentes na que se identifiquen aqueles puntos ou itinerarios da cidade que representan puntos escuros relacionados coa seguridade das mulleres, xa sexa por falta de intensidade da iluminación, como por ausencia de infraestruturas, ou outros factores que inciden na falta de seguridade. O mapeo acompañarase dunha lista de propostas de mellora para eliminar ou contrarrestar eses puntos escuros

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Estudo da iluminación da cidade realizado.
- Nº de puntos inseguros localizados.
- Nº de medidas implantadas para a mellora da seguridade dos puntos localizados.

Medida 67: Continuar traballando na instalación de puntos violetas de prevención contra as violencias machistas.

Un estudo reflectirá, nas súas conclusións, os puntos estratéxicos nos que non se instalaron puntos violetas, de maneira que se poidan emendar as necesidades detectadas.

Prioridade: media

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Estudo da ampliación de puntos violetas realizado.
- Nº de zonas nas que se detecta a necesidade de puntos violetas.
- Nº de puntos violeta instalados.

Obxectivo 9.3. Mellorar o acceso á vivenda de mulleres en situación de vulnerabilidade

Medida 68: Impulsar a inclusión das mulleres en situación de vulnerabilidade entre os grupos prioritarios para o acceso ás axudas para a vivenda.

Priorizarase o acceso ás axudas para a vivenda de mulleres en situación de vulnerabilidade, como aquelas que sofren pobreza, discapacidade, mulleres migradas, familias monomarentais e vítimas de violencia.

Prioridade: relativa

Indicadores de seguimento e avaliación:

- Nº de mulleres, por situación de vulnerabilidade que accederon a axudas para a vivenda.

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento periódico e a avaliación son procesos complementarios que deben permitir monitorear o desenvolvemento do IV Plan de Igualdade e os resultados obtidos en todos os eixos de actuación. Este coñecemento posibilita a súa cobertura e/ou corrección, proporcionando ao Plan a flexibilidade necesaria para o seu éxito. Por tanto, a finalidade do seguimento é:

- Coñecer o grao de consecución dos obxectivos definidos e a relación entre obxectivos e resultados.
- Identificar os recursos, metodoloxías e procedementos postos en marcha no desenvolvemento do Plan (proceso).

A coordinación do proceso de seguimento e avaliación do Plan será responsabilidade da Comisión de Transversalidade, e a súa execución será compartida con todas a Concellerías do Concello e a Casa da Muller, que elaborarán a lista de indicadores correspondentes a cada acción, que poderán coincidir ou non cos indicadores propostos nas fichas de cada unha das medidas.

CASA DA MULLER

BRB/brb

Refª: IV PLAN DE IGUALDADE XUNTA DE GOBERNO R.doc

Asunto: Documento do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo

A avaliación deste Plan levarase a cabo mediante avaliacións intermedias de carácter anual e unha avaliación final, ao concluír a vixencia do Plan. Para que as avaliacións anuais podan realizarse, cada área do Concello con responsabilidade da execución de medidas debe reportar, polo menos unha vez ao ano, información sobre o número de medidas do Plan de Igualdade postas en marcha, así como os resultados acadados, reflectidos da seguinte maneira:

1. Grao de realización das actuacións e desenvolvemento metodolóxico.

- Dificultades atopadas.
- Solucións expostas.

2. Grao de cumprimento de obxectivos.

- Resultados obtidos en función dos indicadores básicos propostos aos que se poderá engadir outros de carácter cuantitativo e cualitativo que defina a Comisión de Transversalidade

3. Impacto na xestión.

- Nivel de participación e compromiso das persoas destinatarias.
- Cambio de procedementos.
- Grao de aceptación do Plan.

4. Propostas de futuro.